

FRACCIÓNS: PROBLEMAS

- 1) Un peregrino anda $\frac{1}{6}$ do camiño a primeira semana, $\frac{1}{3}$ na segunda semana e $\frac{2}{9}$ na terceira. Que fracción do camiño lle queda por percorrer?
- 2) Xan estuda $\frac{1}{4}$ de hora Inglés e $\frac{1}{3}$ de hora Lingua. Ana estuda $\frac{3}{8}$ de hora Naturais e $\frac{1}{4}$ de hora Inglés. Que neno estuda máis tempo?
- 3) Lois come $\frac{3}{8}$ de torta agora e $\frac{2}{5}$ máis tarde. Rosa come agora $\frac{1}{6}$ da súa torta e $\frac{3}{5}$ despois. Que neno come máis torta?
- 4) Xosé estuda $\frac{1}{2}$ hora pola tarde e $\frac{2}{5}$ horas pola noite. Antón estuda $\frac{3}{4}$ horas pola tarde e $\frac{1}{5}$ horas á noite. Que rapaz estudou máis?
- 5) Sara gasta $\frac{3}{4}$ dos seus cartos nun libro e $\frac{1}{5}$ nun refresco. Que parte do diñeiro gastou e que parte lle queda?
- 6) Marta merca tres cuartos de quilo de queixo e dalle á súa veciña un terzo de quilo. Que fracción de quilo lle queda a Marta?
- 7) Nun avión $\frac{2}{5}$ dos pasaxeiros son europeos, $\frac{1}{6}$ africanos e $\frac{1}{15}$ asiáticos. O resto son americanos. Que fracción de pasaxeiros son americanos?
- 8) Ana avanza $\frac{3}{4}$ de metro con cada paso. Cantos metros anda en mil pasos?
- 9) Un bote de refresco de laranxa contén un terzo de litro. Cantos litros se necesitan para encher 60 botes?
- 10) Canta auga necesitamos para encher 12 botellas de tres cuartos de litro? E para encher 8 botellas de medio litro?
- 11) Cantas bolsas de fariña de tres cuartos de quilo podemos encher con 300 kg?
- 12) Unha furgoneta de reparto carga 40 caixas de aceite. Cada caixa ten 12 botellas de tres cuartos de litro. Canto aceite leva a furgoneta?
- 13) Cantos litros de perfume necesitamos para encher 100 frascos de $\frac{3}{20}$ de litro?
- 14) Sara avanza $\frac{3}{5}$ de metro con cada paso. Canto anda en 200 pasos?

- 15) Con $\frac{3}{4}$ de quilo de café enchemos 5 bolsas. Canto contén cada unha?
- 16) Un cravo penetra $\frac{3}{4}$ de centímetro con cada golpe de martelo. Cantos golpes temos que dar para que entre 6 cm?
- 17) Cantos vasos de $\frac{1}{6}$ de litro de capacidade se enchen con dez botes de $\frac{1}{3}$ de litro?
- 18) Cantos frascos de perfume de $\frac{3}{20}$ de litro podemos encher con 15 l. de perfume?
- 19) Tres cuartos de quilo de peixe custaron 12 €. Canto custa o quilo?
- 20) Unha bolsa de arroz de tres cuartos de quilo custa 1'80 €. A como sae o quilo?
- 21) Un empregado gaña 1800 € ao mes e dedica tres décimas partes a pagar a hipoteca do piso. Canto paga mensualmente de hipoteca?
- 22) Nunha clase de 27 alumnos, as rapazas son os $\frac{4}{9}$ do total. Cantos nenos e nenas hai?
- 23) Nun colexio de 280 alumnos, os $\frac{3}{7}$ son nenos. Cantas rapazas hai no centro?
- 24) De 40 canicas dunha bolsa, $\frac{3}{10}$ son verdes. Cantas canicas verdes hai?
- 25) Ana e Rosa mercan un bolígrafo cada unha. Ana gasta $\frac{4}{5}$ dun euro e Rosa 75 céntimos. Cal dos bolígrafos é máis caro?
- 26) Nun estante hai 30 libros e deles, as cinco sextas partes son novelas. Cantas novelas hai?
- 27) Dun bidón con 40 litros de auga quitamos as $\frac{3}{8}$ partes. Canta auga queda no bidón?
- 28) María merca un queixo de dous quilos e 800 gramos. Se leva comido dous quintos do queixo, canto pesa o anaco que queda?
- 29) Nunha parcela de 800 m² construimos unha casa que ocupa $\frac{2}{5}$ da superficie e o resto queda para xardín. Que superficie ocupa a casa e o xardín?
- 30) Ana percorreu $\frac{4}{5}$ partes do camiño ata o seu colexio. Canto lle queda por andar sabendo que a distancia total son 650 m?

- 31) Xan ten 92 cromos, deles $\frac{3}{4}$ son de coches e o resto de motos. Cantos ten de cada?
- 32) María ten 90 €, gasta $\frac{3}{4}$ nun vestido e $\frac{1}{5}$ nun pantalón. Canto lle sobra?
- 33) No xardín plantamos 100 plantas. Delas $\frac{2}{5}$ son xeranios, $\frac{1}{4}$ son roseiras e o resto violetas. Cantas violetas temos no xardín?
- 34) Un neno ten 60 canicas. Delas, $\frac{1}{3}$ son verdes, $\frac{2}{5}$ son azuis e o resto son brancas. Cantas canicas brancas ten e que fracción son do total?
- 35) Nunha clase de 25 alumnos, cada rapaz debe levar 10 € para unha excursión. Só levan os cartos $\frac{3}{5}$ dos alumnos. Cantos cartos faltan para a excursión?
- 36) Xan ten 70 cromos. Deles $\frac{4}{7}$ son de motos e o resto de coches. Cantos ten de cada?